

ESTATUTO DE PERSOAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 467, do 11 de decembro de 2007, e no *Diario Oficial de Galicia* nº 248, do 26 de decembro de 2007.

Artigo 6. Persoal eventual

1. É persoal eventual da Administración do Parlamento de Galicia o que, en virtude de libre nomeamento e con carácter non permanente, realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza e asesoramento especial para a presidenta ou o presidente, ou para os demais membros da Mesa do Parlamento de Galicia, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin.

En ningún caso poderá adoptar actos ou resolucións que correspondan legalmente aos órganos do Parlamento de Galicia.

2. O persoal eventual será libremente nomeado pola presidenta ou o presidente do Parlamento de Galicia, incluído o que se adscriba aos demais membros da Cámara, logo da proposta, neste caso, do membro deste órgano a cuxo servizo se adscriba.

O persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia que sexa nomeado persoal eventual da Presidencia pasará á situación administrativa de servizos especiais.

3. O persoal eventual cesará cando a Presidencia o considere pertinente e, en todo caso, cando cesen nos seus cargos a presidenta ou o presidente, ou o membro da Mesa do Parlamento de Galicia a cuxo servizo foi adscrito, sen prexuízo de que a Mesa poida adoptar as medidas provisionais que xulgue oportunas para os períodos de disolución da Cámara.

A perda da condición de persoal eventual non xerará dereito a indemnización.

4. A prestación de servizos en calidade de persoal eventual nunca poderá ser considerada como mérito para o acceso á condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral nin tampouco para a promoción interna.

5. O número e as retribucións do persoal eventual deberán figurar nos orzamentos do Parlamento de Galicia.

6. Este persoal en ningún caso poderá ocupar postos nin realizar funcións propias do persoal funcionario do Parlamento.

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 633_1, do 24 de outubro de 2008.

Sección 2ª. Gabinete da Presidencia

Artigo 5. Estrutura e competencias

1. Para o desenvolvemento das súas funcións o presidente ou a presidenta estará asistido polo persoal adscrito ao Gabinete da Presidencia. Así mesmo, forma parte do Gabinete o persoal adscrito ao servizo dos restantes membros da Mesa.

2. A determinación da estrutura orgánica do Gabinete da Presidencia e o seu nomeamento é unha competencia exclusiva do presidente ou da presidenta.

3. A dirección do Gabinete corresponderalle a unha persoa ligada ao Parlamento con carácter eventual e o seu nomeamento será competencia exclusiva do presidente ou da presidenta da Cámara.

RELACIÓN DE PERSOAL EVENTUAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

PERSONAL EVENTUAL DO GABINETE DA PRESIDENCIA DO PARLAMENTO DE GALICIA

Nome e apelidos	Posto
Rojo Otero, Pedro	Director do Gabinete
Varela Castiñeiras, Juan Carlos	Xefe de prensa
Molinos Romero, Rosa María	Xefa da Secretaría da Presidencia
Fernández Fernández, Josefa	Administrativa
Cao Santamaría, María Isabel	Asistente técnica de protocolo
Martínez Martínez, Adriana	Administrativa
Calvo de la Uz, Lucía	Administrativa
Freire Ferreiro, Jesús	Chofer

PERSONAL EVENTUAL DA MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

Nome e apelidos	Posto
Rodríguez San Adrián, Ana	Administrativa (Mesa do Parlamento)
Landeira Novas, María Dolores	Administrativa (Mesa do Parlamento)
Taibo Rama, Loreto	Administrativa (Mesa do Parlamento)
Otero Rodríguez, María Aurora	Administrativa (Mesa do Parlamento)
Campo López, Diego	Chofer
Iglesias Cid, Diego	Chofer